

“A acuicultura é boa se está ben xestionada e é sustentable”

Pablo Sánchez

Profesor da Universidade de Alacante e experto en acuicultura

Destrución de zonas de alto valor natural, problemas sociais graves, animais enfermos etc. son algunhas das consecuencias dunha mala acuicultura. En España este sector aprendeu dos erros e na actualidade é dunha calidade “excelente”, segundo o profesor da Universidade de Alacante Pablo Sánchez-Jerez. Non así noutros países. Sánchez-Jerez cita diversos casos, como o peixe gato asiático, consumido en España con todos os controis sanitarios, “outra cousa é que sexa saudable ou respectuoso co medio”. Este experto recomenda desenvolver plans de ordenación e de seguimento ambiental por parte das administracións, e máis información para que os consumidores elixan o mellor para a súa saúde e para o medio ambiente.

Que problemas se lle achacan á acuicultura? O uso de pensos compostos que compiten en ocasións coa subministración para a alimentación humana e a súa alta pegada ecolóxica, a destrución de hábitats de alto valor natural, as verteduras de materia orgánica e nutrientes no medio, o abuso de antibióticos, a introdución de especies exóticas ou a transmisión de enfermidades e parasitos. Todos se poden modular cunha correcta xestión ambiental.

Hai estudos que localicen estes impactos? Si, hai moitos exemplos ao longo de todo o mundo. O salmón deu problemas en Chile, en China non hai datos pero estará a pasar de todo, destruíronse mangleirais tropicais por cultivar lagostinos, con asasinatos e problemas sociais graves etc.

Estes problemas danse en España? Na actualidade non, pero ao comezo, nos anos 80, cometéronse moitos erros,

como cultivar en zonas de posidonia, poñendo instalacións sen unha correcta planificación.

Sancionáronse as malas prácticas? Que eu coñeza non. Obrígouse a mover localizacións con impacto moi elevado a outros lugares con mellor renovación da auga.

Aprendeuse dos erros? Os empresarios asumiron diversos códigos de conduta e, en xeral, controlan a calidade ambiental das instalacións. Pero hai moito que desenvolver, sobre todo plans de ordenación e de seguimento ambiental por parte das administracións, e non por empresas dos produtores, e investimento en sistemas de produción de baixo impacto ambiental.

Os produtos deses países pódense consumir con garantías? Os produtos conxelados e fileteados asiáticos cumpren os controis sanitarios. Outra cousa é que sexan saudables e sustentables. Ao peixe gato tailandés dásele un baño químico para branquear o filete, un conservante para transportalo, produtos para a conxelación, logo desconxélase... Comer peixe gato tailandés non é saudable, non é comer pescado. A acuicultura é boa se está ben xestionada e é sustentable.

Consumir produtos acuícolas españois é sustentable? Son dunha calidade excelente. En todo caso, a mellor opción para o consumidor concienciado co medio é unha dieta mediterránea basicamente vexetariana. Pero se decide consumir proteínas de orixe animal pode atopar en determinados produtos de acuicultura un impacto ambiental relativamente menor que, por exemplo, a tenreira.

Que sucede se non se cuida o medio e as condicións sanitarias das loca-

lizacións acuícolas? O cultivo é máis sensible a enfermidades, crece menos e mesmo se incrementa a mortalidade, a calidade da auga e os hábitats circundantes degradáanse, prodúcense impactos negativos sobre os peixes salvaxes, conflitos con outros usuarios do espazo litoral...

Que poden facer os consumidores? Esixir unha etiquetaxe informativa e selos de calidade e de denominación de orixe para poder seleccionar o mellor produto e minimizar a pegada do carbono. A enerxía total consumida e o dióxido de carbono (CO2) emitido incrementáanse moito se o produto vén do estranxeiro. Tamén debe esixir participar nos plans de desenvolvemento da acuicultura, para asegurar a sustentabilidade ambiental e minimizar os conflitos sociais.

A que desafíos se enfrenta a acuicultura? As especies carnívoras xeran diversos problemas pola súa alimentación, polo que haberá que potenciar o cultivo de organismos herbívoros. Outro aspecto importante é mellorar os rendementos do cultivo e reducir a cantidade de alimento necesaria. Para iso fai falta máis investimento en investigación. A información á sociedade e a participación cidadá é imprescindible. Sen consenso social prodúcense conflitos.

O sector estuda novas especies para aumentar a súa produción. Suporán novos problemas ambientais e sanitarios? Falta unha regulación estatal, estudar as estratexias de desenvolvemento, a viabilidade económica a longo prazo e o risco sanitario e ambiental. Pódense producir impactos non considerados nun principio sen unha correcta análise dos riscos.

✚ www.consumer.es

